



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Muros e Noia. Municipio: Muros. Parroquias: Santo Estevo de Abelleira, e San Xoán de Serres na esquina sudoeste, nunha área testemuñal. Extensión: 2,05 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade conformada ao longo da ladeira suroriental dunha cadea montañosa disposta de nordeste a sudoeste, que presenta típicos cumios graníticos redondeados con alturas próximas aos 300 metros snm. Nalgúns tramos, esta ladeira alcanza pendentes superiores ao 40%, e mesmo ao 50%. Cara ao norte, a caída máis abrupta da ladeira permite o desenvolvemento dunha reducida chaira litoral ao redor da cal comeza a formarse a Enseada de Bornalle.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade incluída completamente no Dominio herciniano, aflorando un granito de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, coñecido como Tipo Barbanza. Non obstante, na banda nordeste da unidade aparecen dous enclaves de xistos con niveis de cuarcitas, en orientación NNO. -SSE., que pertencen ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, con idade precámbrico-silúrica. Aparece un pequeno dique de microgranitos e outro algo maior de pegmoaplititas nos arredores da Punta Carniceira.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada de ambiente climático Cálido e Húmido. Temperatura media anual maior de 14° C, amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C. En canto ás precipitacións acumuladas ao longo do ano rexístranse valores entre 1200 mm e 1400 mm agás na cabeceira da vertente onde se chegan a alcanzar os 1600 mm, o que indica un dominio climático Moi Húmido.

OS SOLOS

Dominio dos solos tipo leptosol lítico e regosol en toda a unidade, debido á súa natureza acantilada na que destacan as vertentes en xeral de forte pendente e sobre as que con frecuencia aflora o substrato rochoso en superficie.


AS AUGAS

A masa de Augas Costeiras 20174 desta unidade, recibe a achega de arrosos con escaso desenvolvemento continental procedentes dos relevos circundantes. Os principais puntos de desembocadura son os situados nas enseadas próximas á Punta Ostreira e á Punta de Ventín.

O PATRIMONIO NATURAL

Fronte rochosa de costa acantilada baixa, aparecendo os hábitats 1230 de cantís mariños atlánticos e o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, posto que abundan as acumulacións de coios e outros materiais non consolidados. No interior só se poden anotar nas partes altas o ambiente rochoso incluíble no grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica, compartindo espazo coas matogueiras do hábitat 4030, Breixeiras secas europeas. Nas puntas costeiras pode aparecer a breixeira seca atlántica costeira de Erica vagans. No cruzamento de sucos tectónicos e alvéolos nas partes altas, a breixeira seca pode pasar a húmida (4020, breixeiras húmidas atlánticas de Erica ciliaris e Erica tetralix), mesmo orientarse cara a pequenas áreas turfófilas do grupo de hábitats 71, Turbeiras ácidas de esfagnos.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Caracterizado pola densa ocupación de vexetación en toda a unidade, con nulo aproveitamento agrícola exceptuando unha nave e instalacións destinadas ao uso agropecuario. A matogueira cede o espazo que ocupa nas altas cotas da montaña ás masas mixtas de eucaliptos e piñeiros ata chegar á fachada costeira. A presenza dalgúns asentamentos pouco concentrados na franxa costeira sen chegar a conformar un núcleo, é o reflexo, xunto coas vías de comunicación existentes dunha paisaxe pouco humanizada, de forma puntual e na liña de costa existe un conxunto de edificacións relacionadas coa industria do automóbil. As praias do Salto e Area Triga gozan de illamento e tranquilidade mellorando a oferta turística da comarca. En canto ao sector primario o uso principal e puntual socioeconómico da comarca segue sendo o marisqueo e o cultivo do mexillón.

MORFOLOXÍA

Trátase de vivendas de uso residencial que agás algún caso puntual non son de tipo tradicional. O accidentado relevo non permitiu o desenvolvemento da xeografía rural na unidade, os asentamentos están pouco concentrados e non responden ao típico patrón territorial de vivendas asociadas ao cultivo agrícola propio do minifundio, tampouco á tradición marítimo pesqueira.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-550 discorre bordeando a franxa litoral e exerce como vía de comunicación principal da comarca. Desdóbrase en varios tramos mostrando o antigo trazado da estrada de Muros a Noia e ao seu paso polos asentamentos dispersos existentes nun tramo de recente creación, mostrando desorde e certa complexidade na escasa rede viaria. Para dar acceso ás montañas existe unha rede de camiños, unha pista que atravesa a unidade de norte a sueste é a vía principal desta estrutura.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Como patrimonio arqueolóxico atopamos o baluarte do illote de Santo Antón usado como estrutura defensiva aproveitando a súa estratéxica situación. Tamén os vestixios dunha antiga calzada próxima ao trazado da AC-550.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Singular configuración do litoral de acantilados que verten directamente ao mar dende as ladeiras, dando a esta paisaxe un carácter montañoso e forestal que concorda coa escaseza de asentamentos e parcelas dedicadas ao cultivo. Presenza continua de vexetación de matogueira e arborizada sobre unha topografía accidentada, as praias de Area Triga e do Salto entre os acantilados predominantes son propicias para gozar dun ámbito tranquilo e illado fronte a outras zonas máis concorridas da comarca. Os únicos asentamentos prodúcense na zona onde o relevo permite esta circunstancia. A abundancia de bancos marisqueiros relaciona esta unidade co uso predominante na ría de Muros e Noia.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Atopamos un claro exemplo de paisaxe acantilada, con escasa ocupación humana e dominada polo uso forestal que só se ve fragmentado polo trazado da estrada AC-550. O carácter montañoso da unidade adquire un valor engadido dende o punto de vista turístico pola visión singular e illada que ofrecen as súas praias entre os acantilados litorais. A situación estratéxica desta unidade entre as enseadas de Muros e Bornalle permite excelentes panorámicas da poboación de Muros e da marxe oposta da ría, dende a franxa costeira o illote de Santo Antón ofrece unha gran profundidade escénica da saída da ría de Muros coa visión das bateas mexiloeiras nun primeiro plano, a situación estratéxica deste illote foi aproveitado para construír un baluarte que hoxe en día constitúe parte do patrimonio arqueolóxico da unidade. Aproveitando a atalaia natural do alto de Cruz dos Pelos obtense unha ampla panorámica que abrangue a práctica totalidade da ría de Muros e Noia.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS










A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



